



Guía Docente				
Datos Identificativos				2014/15
Asignatura (*)	Liderazgo e dirección de institucións educativas	Código	652512201	
Titulación	Mestrado Universitario en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares e Socioeducativa			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	4.5
Idioma	CastelánGalego			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Rodríguez Romero, María del Mar	Correo electrónico	mar.rromero@udc.es	
Profesorado	Mendez Garcia, Rosa María Rodríguez Romero, María del Mar	Correo electrónico	rosa.mendez@udc.es mar.rromero@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>A materia presenta o liderazgo e a dirección de institucións educativas como alicerces nos que se sustentan o cambio e a transformación social. Partindo desta premisa básica, apóstase por unha dirección e un liderzgo que traballen desde a cultura da colexialidade, da confianza e da participación, establecéndose como meta a creación de comunidades de aprendizaxe democráticas basadas na sustentabilidade e na xustiza social.</p> <p>A metodoloxía de traballo na materia será fundamentalmente activa, onde os estudantes serán os principais protagonistas das análises, dos debates e das propostas que se formulen a partires da documentación de referencia.</p>			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Ser capaz de identificar os diferentes fundamentos teóricos e metodolóxicos dun proxecto de educación democrática e crítica, facendo especial énfase nos dereitos humanos e a igualdade de xénero, desenvolvendo culturas da mediación e da paz.
A2	Utilizar modelos colaborativos de acción socioeducativa que promovan verdadeiras comunidades de aprendizaxe, favorecendo o traballo en contornos multiprofesionais
A7	Ser capaz de establecer estratexias de liderado e empoderamento dos distintos axentes sociais que favorezan un clima institucional óptimo.
A11	Capacidade para fomentar e liderar a creatividade e innovación nas entidades e institucións promovendo proxectos orientados ao cambio de culturas profesionais.
A14	Adquirir destrezas para o diagnóstico de perfís competenciais idóneos dos equipos directivos, ofrecendo respostas axustadas a esa realidade.
B8	Traballo colaborativo
B9	Capacidade de innovar
B11	Capacidade de organización e planificación
B12	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.
B13	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B14	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B15	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
B16	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo.



C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Adquirir unha visión de conxunto do desenvolvemento da dirección de institucións educativas desde a diversidade de perspectivas que a configuran, tanto en ámbitos estatais como internacionais.	AP14	BM12 BM13 BM14 BM16	CM5 CM6
Concebir a dirección de centros educativos como un proceso continuado de negociación e construción de significados, orientacións, decisións, estratexias e accións determinadas.	AP1	BM13 BM14 BM15 BM16	CM4 CM5 CM7 CM8
Interpretar a función directiva, o liderazgo e a organización de institucións educativas desde perspectivas epistemolóxicas, regulamentarias, profesionais e axiolóxicas.	AP1 AP2 AP7 AP11	BM12 BM13 BM14 BM16	CM4 CM5 CM6 CM7 CM8
Desenvolver unha disposición reflexiva, negociadora, colaboradora, investigadora, igualitaria e pro-activa en relación ao complexo papel e cometido do liderazgo e da dirección de institucións educativas.		BM8 BM9 BM11 BM12 BM13 BM14 BM15 BM16	CM4 CM5 CM6 CM7 CM8

Contidos

Temas	Subtemas
Conceptualización do liderazgo na dirección de organizacións educativas	Significado Características Perspectivas
Estilos de liderazgo e cultura da organización	Liderazgo colexiado e cultura da confianza Liderazgo sostible e cultura do cambio Liderazgo comprometido e xustiza social Liderazgo participativo e comunidades de aprendizaxe
O papel da dirección na organización e planificación colaborativa das organizacións educativas	Funcións, dimensións e órganos Procesos de coordinación, comunicación, colaboración, convivencia e participación democrática Procesos de seguimento, avaliación, asesoramento, dinamización, innovación e mellora. Ética e igualdade de xénero

Planificación



Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	10	12	22
Aprendizaxe colaborativa	10	13	23
Estudo de casos	10	10	20
Traballos tutelados	20	25.5	45.5
Atención personalizada	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Presentación dos documentos por parte das profesoras e lectura e análise do seu contido por parte do/a estudante.
Aprendizaxe colaborativa	Traballo en pequeno grupo para contrastar puntos de vista sobre a información extraída dos documentos e realización do resume analítico.
Estudo de casos	Análise de casos presentados en clase polas profesoras ou profesionais da educación.
Traballos tutelados	Traballo en grupo que implica a realización de traballo de campo en escenarios educativos (estudo de caso), ou a análise do discurso, ou a análise de documentos mais unha argumentación que relacione as evidencias descubertas con fundamentos teóricos para xustificar o estilo de liderazgo posto de manifesto.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Sesións de seguimento durante as clases e de tutorías ao longo do traballo tutelado que consisten nun traballo en grupo que implica a realización de traballo de campo en escenarios educativos (estudo de caso), ou a análise do discurso, ou a análise de documentos mais unha argumentación que relacione as evidencias descubertas cos fundamentos teóricos para xustificar o estilo de liderazgo posto de manifesto.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	Os criterios/requisitos mínimos a partir dos cales se avaliarán os traballos tutelados serán: -O grao de profundidade coa que se traballe o contido. -A utilización dunha linguaxe propia do contexto disciplinar. -A utilización de fontes documentais complementarias e actuais. -A presentación e a claridade da exposición.	100

Observacións avaliación



No traballo tutelado a avaliación de cada membro variará en función da asistencia a clase, ás sesións obrigatorias de seguimento e en función da implicación no traballo.

Poden realizarse variacións na

composición e número dos membros dos grupos durante a realización do traballo tutelado sempre negociadas coas profesoras. Excepcionalmente pode decidirse a realización individual do traballo.

Non se admitirán propostas para o traballo unha

vez finalizado o prazo de admisión fixado na documentación complementaria que se entregará na clase.

A asistencia ás sesións de seguimento volcarase dentro do traballo tutelado.

As citas e referencias a calquera tipo de texto deben declararse, ol

uso de texto ou ideas sen declarar a fonte supón o suspenso do traballo.

O traballo se realizará seguindo as pautas que se darán na clase.

Fontes de información

Bibliografía básica

- () . .
- Anderson, Gary L. (2009). *Advocacy Leadership. Toward a post-reform agenda in education*. London: Routledge
- Hargreaves, Andy y Fullan, Michael (2014). *Capital profesional*. Madrid: Morata
- Woods, Peter (2005). *Democratic Leadership in education*. London: Sage
- Anderson, Gary L. (2014). *Educational Leadership, Politics, and Advocacy*, M.A..
<http://steinhardt.nyu.edu/alt/edleadership/politics/>
- Bolívar, Antonio (2010). El liderazgo educativo y su papel en la mejora: una revisión actual de sus posibilidades y limitaciones. *Psicoperspectivas. Individuo y Sociedad*, 9 (2), págs. 9-33
- Hargreaves, Andy y Fink, Dean (2008). *El liderazgo sostenible*. Madrid: Morata
- Vázquez Recio, Rosa (2013). *La dirección de centros: gestión, política, ética y política*. Madrid: Morata
- Ball, St. J. (1989). *La micropolítica de la escuela: hacia una teoría de la organización*. Barcelona: Paidós/Mec
- Cantó, Natàlia; Castiñeira, Ángel y Font, Anna (2009). *Las fuentes del liderazgo social*. Barcelona: Editorial Mediterráneo S. L.
- VV. AA. (2010). *Monográfico Liderazgo educativo. Organización y gestión educativa*
- Bolívar, Antonio (2012). *Políticas actuales de mejora y liderazgo educativo*. Málaga: Aljibe
- Hargreaves, Andy (1996). *Profesorado, cultura y postmodernidad*. Madrid: Morata
- Alcande, Ana Isabel et al. (2006). *Transformando la escuela: comunidades de aprendizaje*. Barcelona: Graó
- O'Connell, Brian F. Hesselbein i M. Goldsmith (eds.), *El líder del futuro/2. (2007). Características distintivas de los líderes exitosos de organizaciones de voluntariado. Pasado, presente y futuro?.* Barcelona: Ed. Deusto.

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías